Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Pena Morcegueira de Meirás

A Pena Morcegueira de Meirás, concello de Valdoviño (A Coruña) é un enorme penedo oco apoiado nun só punto noutra pena.

Cando a Virxe andaba polo mundo fixo un descanso neste lugar e vendo que a pena estaba a punto de arrolar amparouna co seu dedo. Ese dedo, agora invisible, ocupa o lugar onde os ollos pecadores non vemos máis ca un oco baleiro; mais se un día a Virxe decide retirar o seu dedo, a Pena Morcegueira arrolará e será o sinal de que o mundo terá chegado á súa fin.

BIBLIOGRAFÍA

PIÑEIRO DE SAN MIGUEL, E., GÓMEZ BLANCO, A., GONZÁLEZ COLLADO, J. M. (ilustracións); *De lenda en lenda. Camiños máxicos polo noroeste de Galicia*, Pluma Estilo Gráfico, Ferrol, 1999.